



Ciclo de inverno

1º concerto. Sábado 28 de Novembro 1998

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO CORO «AIRIÑOS DE RIBADEO»

P R O G R A M A

CORO «AIRIÑOS DE RIBADEO»

(Centro de Servícos Sociais)

Director: Gonzalo Montero

- Mariñeiro R. Groba
 O neno dormia J.M. Paz Valverde
 (Solista, Rafael Rico)
 Mi madre fue una mulata Habanera popular
 A dorna Trad. galega

Coro «Airiños de Ribadeo» acompañado dunha sección da Banda Municipal

- Unha palmeira de Ribadeo Hernán Naval
 Letra: Xavier Rodríguez Baixeras.

BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO

(Asociación «Amadores da Música» -

Academia de Música «Carlos A. Fdez.-Cid»)

Director: Hernán Naval

- El Vira (Marcha) Jo Vliex
 Rhapsody in blue G. Gershwin
 Clarinando Richard Comello
 (Mónica Villar Rodríguez e María Fernández Ramil, Clarinetes)
 Panis angelicus César Franck
 (Cuarteto de Metais:
 Víctor M. Sanjurjo Rio, Trompeta.
 Rubén Soloso Irímia, Fliscorno.
 Aurora Fernández Peña, Trombón.
 Beatriz Lombao Gómez, Bombardino.)
 Suspiros de España (Paso-dobre) A. Alvarez
 Os teus ollos (Balada) Xosé Castro, «Chané»
 Arr.: Hernán Naval
 Sete rosas (Paso-dobre) A. del Río



EXCMO.
CONCELLO DE RIBADEO

A Banda Municipal e o Coro «Airiños de Ribadeo» ofrecen xuntos este concerto en honra a Santa Cecília, patroa gremial dos músicos. Abren con el o *Ciclo de inverno* organizado polo Excmo. Concello, que traerá de novo a Ribadeo, entre outros importantísimos grupos, á Orquesta Sinfónica de Galiza.

«Airiños de Ribadeo» leva dous anos gañando o certame provincial de masas corais da terceira idade, e recentemente interviu nun programa da Televisión de Galiza. Está promovido polo Centro de Servicios Sociais de Ribadeo. Baixo a veterana dirección de Gonzalo Montero Cruz, oférecenos o máis selecto do seu amplo repertorio.

Agás as dúas primeiras obras, estreadas nos concertos de verán, o programa que presenta a Municipal está formado por pezas que constitúen primeira interpretación pola Banda de Ribadeo. Richard Comello compuxo *Clarinando*, para dous clarinetes solistas e banda, hai apenas dous anos; dúas avantaxadas instrumentistas da formación ribadense debutan como solistas de obra enteira. Un cuarteto de metais concertante leva o canto na versión instrumental do estremecedor *Panis angelicus* de César Franck. O director, Hernán Naval, presenta a súa instrumentación moderna da balada *Os teus ollos*, de «Chané». Os paso-dobres populares *Suspiros de España* e *Sete rosas* demostran máis unha vez que a Banda Municipal de Ribadeo é moderna porque asimila o mellor da tradición.

A letra de *Unha palmeira de Ribadeo* é un soneto perfecto, e non por perfecto menos lírico. O autor é un ribadense nacido en Tarragona en 1945, hoxe profesor de literatura nun instituto de Vigo: Xavier Rodríguez Baixeiras.

UNHA PALMEIRA DE RIBADEO

*Palmeira esfarrapada e sempre viva
de afeita a nós, de estar neste gemido
onde afoxa confuso o esvaído
toque da hora que algun vento esquiva,*

*e no que logo és, inverno arriba,
mais unha noite como o sul dorido,
por fin afeito e sempre repetido,
e tan ferido como mais cativa.*

*Non te vimos crecer. E nen sabemos
quen te puxo, meniña, á nosa porta,
atordoada, trémula de inzar*

*sombras, tristezas nas que ja non cremos,
cando só chegas tu daquela morta
rua, abalando, longe do teu mar.*

(Do libro *Fentos no mar*)